

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería do Medio Rural referente á solicitude presentada sobre as súas retribucións.

Expediente: A.11.Q/10454/24

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2025

Sra. conselleira :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito da persoa promotora deste expediente, referente á solicitude presentada sobre as súas retribucións.

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito, esencialmente, indícanos o motivo da súa queixa ao sinalar:

“Que tras non haber recibido ningunha resposta á SOLICITUDE dirixida ao DIRECTOR do AGACAL o día 22/02/2024 e presentada por xxxxxx e con números de rexistro de entrada XXX, respectivamente, nos diriximos a este órgano para obter unha resposta de porque non se inclúe na retribución mensual do persoal .... (xxxxxxx) estabilizadas no Centro de Investigacións Agrarias (CIAM) en xaneiro do 2024, a efectos económicos e con carácter retroactivo, a contía do complemento de singularidade do posto que por contra si perciben outro persoal do CIAM estabilizados dende o ano 2010 e mediante outro proceso selectivo, por unha destas razóns:

para eliminar a diferenza inxustificada na retribución percibida polos dous grupos de persoal laboral fixo do AGACAL na categoría de ..... adscritos ao CIAM (2010 vs. 2024) dada a similitude da categoría, grupo, relación, contractual, convenio e funcións entre este persoal

porque no V Convenio Colectivo aplicado ao persoal “..... do CIAM 2024”, contéplase o citado complemento salarial, como retribución por realizar funcións de coordinación ou mando, que lles exige unha responsabilidade de cualificada complexidade, excedendo do normal exixible á súa categoría profesional de acordo co concepto de responsabilidade.”

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, que nolo remitiu indicando, en esencia, o seguinte:

O 29 de decembro publícase no DOG o anuncio da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, a través do sistema de concurso, de, entre outras, ..... con destino no Centro de Investigacións Agrarias de xxxxx.

A mesma convocatoria establece que estas prazas encádranse na categoría 04 do grupo I do V Convenio para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Logo da superación do proceso selectivo, a interesada asina o 27/12/2023 un contrato de traballo como persoal laboral fixo coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria no cal se estipula o encadre dentro deste grupo e categoría laboral.

A cláusula SÉTIMA do contrato recolle: a persoa contratada percibirá retribución mensual de acordo coa táboa salarial do convenio vixente, referida á categoría 004 Titulada superior, do grupo I.

Esta praza deriva da estabilización dunha praza non estrutural, correspondente a contratación temporal de proxectos INIA, manténdose por tanto as condicións da praza de orixe.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa fundaméntase na retribución que recibe, ao entendela discriminatoria en relación con outro persoal coa mesma categoría e responsabilidades que ven recibindo o complemento de singularidade do posto.

Neste senso, realizou unha solicitude, para evitar esta discriminación, ante a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, o 22 de febreiro do ano 2024 (Entrada: XXX) que non foi respostada.

Segunda.- No informe remitido sinálase que as retribucións que recibe son as correspondentes á categoría 004, Titulada Superior, do grupo I.

Con todo, non acredita a tramitación da solicitude presentada pola persoa interesada.

Terceira.- O Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, sinala no seu artigo 26, complementos salariais:

3. Complemento de singularidade de posto: é o complemento salarial que, na contía que para cada posto de traballo, se é o caso, figura na correspondente relación de postos de traballo, retribúe as especiais dificultades materiais e técnicas que exixa o desempeño do posto de traballo, de acordo cos seguintes conceptos:

a) especial dedicación:...

b) responsabilidade: ...

c) dirección: ....

d) perigosidade, toxicidade, penosidade e outras condicións especiais...

O dereito á percepción do complemento de singularidade de posto de responsabilidade e dirección só será efectivo a partir da súa inclusión na relación de postos correspondente.

O dereito á percepción do complemento de perigosidade, toxicidade, penosidade e outras condicións especiais do posto así como o de especial dedicación será efectiva a partir de sentenza xudicial firme que o recoñeza ou da súa inclusión na relación de postos de traballo.

Así, este complemento require dun previo recoñecemento a través da modificación da relación de postos de traballo (coa preceptiva tramitación e presentación ante o Comité Intercentros), ou ben dunha sentenza xudicial que o recoñeza.

Cuarta.- Polo que respecta á non contestación á solicitude da persoa interesada, non se indica nada no informe remitido.

Nestes senso, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, as solicitudes presentadas pola persoa interesada deberían ter sido tramitadas, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de

resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigaón legal de ditar resolución expresa en prazo”.

Quinta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a solicitude presentada por 34 persoas afectadas, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Sexta: A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dí, en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”

No artigo 4.Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á administración o seguinte recordatorio de deberes legais:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a solicitude presentada pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo en funcións